

## Demencia

Ollos tristes e vidrosos, perdidos, buscando aferrarse ao coñecido. Pero xa nada lle resulta de tal feito.

Unha desoladora habitación en penumbras de paredes azul bebé e branco. Un televisor gris, apagado, pequeno, colgado na parede. É o único que decora a monotonía azul.

Hai tamén unha cama, máis ben un colchón, fino, mol, tapado con sabas brancas e enmarcado nun cabeceiro. Nos pés, a cama ten unha mesa extensible, ou máis ben unha táboa extensible.

Ao carón, un sofá azul case eléctrico, pero dun ton máis suave e con repousabrazos negros e apoiapés móbil.

Inmovilizada por tubos suxeitos a cadeas ensartadas no teito, manteñen elevada a bolsa transparente do antibiótico que, gota a gota, baixa polo tubo para introducirse no sangue.

Persianas baixadas e no alfeizar abrigos, bolsos e paraugas.

Ao lado da xanela hai un baño de porta gris, de ton claro, e, ao lado do sofá, unha mesa de noite de táboa repregable e con rodas na superficie da cal hai unha botella, teléfonos móbiles e panos e dúas rebandas de pan de molde forradas con film transparente.

Alza os ollos e só atopa caras descoñecidas.

Unha, dúas, tres, catro, cinco, seis, sete.. non, só cinco, sete non, sete son as persoas

que a miran con crecente angustia e preocupación. Sete... catorce ollos que a miran con fervor e a piques de chorar.

Dóelle o corpo, xa son oito días sentada ou tumbada. O sofá resúltalle incómodo, a cama tamén, pero esas sete persoas preocupadas que a miran esperando a outra persoa, non lle permiten moverse, din que é o mellor para ela, que se o fai recuperarase. Mais o líquido entra violentamente no seu corpo quémaa e o corpo dóelle, xa non sabe como sentarse, e a cabeza... a cabeza vaille estoupar.

E os médicos que seguen sen darlle as pastillas que lle corresponden e nun mes non lle van a poñer as novas, e ninguén lle contesta o que quere e ela segue soa, rodeada de sete caras supostamente familiares.

-A qu-qu-qué estamos?- di asustada.

-A trinta de novembro - responde a voz máis familiar daquela sala.

-A qu-qué estamos? - volve interrogar.

-A trinta de novembro - volven a responderlle esta vez máis voces. Pero non é iso o que ela quere saber, parece mentira estarlles preguntando outra cousa e que sexa a mesma resposta.

-A qu-qu-qué estamos? - Volve a intentalo con máis decisión.

-A trinta de novembro - escóitase a coro.

Que non, que non é iso o que ela quere, parecen parvos. Boh, o mellor é volver a intentalo.

-A qué estamos?

-A trinta de novembro - responden inutilmente.

-Non te preocupes, cariño - dille a voz familiar.

Mentres, decátase de que unha suave, grande e cálida man masculina agárralle a súa tratando de calmar a ansiedade que lle causa o non ser entendida.

Os seus ollos brillan, relocen e comezan a humedecerse, pero só dirixe a ollada ao arredor da habitación tratando de ubicarse.

E ve sorrisos amables cheos de preocupación e un carro cheo de comida aparece pola porta.

Déixanlle unha bandexa con comida tapada. Non ten fame, pero obrigarana a comer.

Diranlle que é para tomar as medicinas e pouco a pouco a sala baleirarase ate chegar a quedar soa, cunha soa persoa. Pechará os ollos sabendo que todo o que descoñeceu, o que aínda descoñecía e o que hoxe coñecía, mañá tamén o descoñecerá.

Paula Pérez Torres 2ºBACH B